

ACTA Nº 49/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 9 DE DECEMBRO 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Victor Pastoriza Lino
D. Valentín Piñeiro González.

Teñen escusada a súa inasistencia Dna. Libertad Cruz Couso e D. Daniel Rodas Chapela.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na casa do Concello de Moaña, a 9 de decembro de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta dos borradores das actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local números 45/10 e 46/10, correspondentes ás sesións do 8 e do 15 de novembro de 2010, respectivamente.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobalas.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dáse conta que na resolución nº 594/10, do 1 de decembro de 2010, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para o recoñecemento da obriga, para o posterior pagamento de alugueres e asesoramento do mes de novembro de 2010.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia das persoas interesadas que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 204/10 – D. JESUS RÚA RÚA presenta proxecto para reposición de muro de contención de mampostería dun total de 6 m liñais (de 20 que ten o muro) por 2 m de alto, situado na Moureira nº 37, Meira, consonte co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, e visado o 26 de novembro de 2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 30 de novembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: REPOSICIÓN MURO DE CONTENCIÓN (O. MAIOR)

INFORME: **Procede licenza** de acordo coa documentación presentada.

Non require informes sectoriais.

Altura máxima a partir da rasante non superará os dous metros.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	22,97€
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

3.B) EXPTE. 161/10 – D.^a MARÍA DOLORES GARCÍA CORTEGOSO presenta estudo técnico para conservación e mantemento de cuberta en vivenda unifamiliar sita no barrio de Palmás, nº 58, Domaio, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, e visado o 16.09.2010

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 1 de decembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO DE CONSERVACIÓN DE CUBERTA (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza** das obras de conservación.

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta informe do Departamento territorial de Pontevedra, Servizo de Infraestruturas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. A teor deste só se poderán autorizar obras de conservación para cambio de cuberta sen aumento de volume.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais

e puntuais, a interposición de planchas de fibrocemento e cubrición con tella mixta coa preservación do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	176,18 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

3.C) EXPTE. 206/10 – COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO FRAGATA ALMANSA, 26 presenta estudo para saneamento de fachada principal en edificio de vivendas situado na rúa Fragata Almansa nº 26 do Real, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado o 9 de novembro de 2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 1 de decembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO PARA SANEAMENTO DE FACHADA (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras** de conservación e ornato definids na documentación técnica presentada.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación e ornato da edificación con repicado da pintura existente, reparación de gretas e aplicación dun morteiro monocapa de cor coa preservación do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	54,22€
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

3.D) EXPTE. 90/09 – UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., representada por d. Fernando Val López, presenta solicitude e proxecto da obra denominada LMTS-CTC-RBT Paradela (Nº SGD: 534208050003) instalando un centro de transformación prefabricado rural fin de liña, tipo maniobra exterior con envolvente de formigón de 160 KVA, alimentado mediante unha liña de media tensión conectada á existente LMT CAG 806 (LATON 6), realizando tamén un enlace do novo CT que se conectará á rede aérea existente.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 1 de decembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: LMTS, CTC, RBT PARADELA

INFORME: **Procede licenza.**

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria. O centro de transformador distará seis metros do eixo do vial e dous e medio metros de lindantes. No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	237,18 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €

3.E) EXPTE. 187/10 – D^a DIANA CALVAR CURRO e D. DARIO FREIRE HERMELO presentan proxecto básico para vivenda unifamiliar, construción de peche de finca e piscina, no lugar do Outeiro, do barrio do Cruceiro – San Martiño, redactado polo arquitecto D. José Manuel Pastoriza Rodas.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 30 de novembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: BASICO VIVENDA UNIFAMILIAR, PECHE DE FINCA E PISCINA (O MAIOR)
INFORME TÉCNICO:Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico. **Non poderá construírse en tanto non se presente proxecto de execución**

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 4 de novembro de 2010 para ordenanzas 1 das NN. SS de planeamento municipal.

Require informes sectoriais.

No expediente consta informe da alineación para a edificación do Servizo de Infraestruturas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

No proxecto de execución deberase modificar a conexión do trasteiro de 5,10 metros cadrados, non pode establecerse a través dun espazo de comunicación da vivenda, esta debe ser un espazo pechado do cal debe suprimirse o trasteiro; a comunicación co resto da edificación levarase a cabo dende o garaxe.

Cédense 108,40 M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 650,40 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo petionario.

Superficie da parcela según medición técnica ascende a 664,40 metros cadrados

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas últimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	3.448,72€
Taxas licenza urbanística.....	431,09 €
Cartel de obra.....	110,00 €

Saneamento..... 180,00 €

3.F) EXPTE. 16/08 – CONSTRUCCIONES PEÑA FERROL MORRAZO, S.L., presenta reformado de básico e execución de vivenda unifamiliar aillada, en Refoxos Moaña, parcela 2.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 30 de novembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: REFORMADO DE BÁSICO E EXECUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR
INFORME: **Procede licenza.**

Proxecto reformado do básico e de execución. Da inicial licenza elimínase o garaxe adosado a vivenda, situado no soto pasando a superficie construída de 29,00 m² a 48, 79 m²; ampliase o baño de planta baixa que pasa de 3,07 a 4,67 m².

Subrógase todo condicionante da licenza inicial outorgada en Xunta de Goberno Local de 25 de febreiro de 2008.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción..... 529,69 €
Taxas licenza urbanística..... 66,21 €

4.- LICENZAS DE OBRAS ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE

4.A) EXPTE. 198/10 – D.^a BEATRIZ DOMÍNGUEZ PRADO presenta proxecto de acondicionamento de local para tenda de cosméticos e perfumería, na rúa Concepción Arenal, 106, baixo dereita, do barrio da Praia, redactado polo arquitecto D. David Villar Freire, visado o 16.11.2010.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 1 de decembro de 2010, que literalmente di:

EXP. OBRAS:198/10

EXP. APERTURA:40/10

ASUNTO: LICENZA DE OBRAS E ACTIVIDADE PARA TENDA DE COSMÉTICOS E PERFUMERÍA.

INFORME: **Procede licenza de obras e actividade** destinada a tenda de cosméticos e perfumería de acordo co proxecto técnico.

O apartado 3 do artigo 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais –Decreto de 17 de xuño de 1955- especifica que con arranxo ao proxecto presentado, a edificación dun inmoble se destinará a establecemento de características determinadas, non se outorgará a licenza de obras sen o outorgamento da licenza de apertura se fose procedente.

Abondando na cuestión, o apartado 2 do artigo 196 da lei 9/2002, reformada pola lei 15/2004 de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia nos afirma que nos supostos que esixan licenza de actividade ou apertura e, ademais, licenza urbanística, serán obxecto dunha soa resolución, sen prexuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas de cada intervención administrativa.

A ordenanza de usos das NN. SS de Planeamento municipal resulta compatible.

O local para ser susceptible de apertura e funcionamento deberá ser inspeccionado polos servizos municipais unha vez presentado o certificado fin de obra do facultativo director das mesmas.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	431,91 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico e do secretario municipal, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes existentes no mentado expediente, e tras o pagamento das taxas correspondentes, acorda:

PRIMEIRO: Outorgar licenza de actividade que solicita D^a BEATRIZ DOMÍNGUEZ PRADO para a actividade de TENDA DE COSMÉTICOS E PERFUMERÍA.

SEGUNDO: Outorgar a licenza urbanística para as obras de ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA TENDA DE COSMÉTICOS E PERFUMERÍA. A licenza urbanística determina o devengo do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e en consecuencia, apróbese a liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, de conformidade co orzamento incluído no proxecto presentado, polas cantidades arriba referidas.

TERCERO.- Non poderá comezarse a exercer a actividade mencionada en tanto non se conceda a LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA E POSTA EN FUNCIONAMENTO que deberá solicitar a interesada, declarando a execución das obras de conformidade cos termos desta Licenza, acompañando á petición, certificado do técnico director das obras ou instalacións en que se especifique a súa conformidade cos termos desta licenza, sen prexuízo de que todo o anterior sexa corroborado polo arquitecto técnico municipal a cuxo efecto levantará Acta de Comprobación.

4.B) EXPTE. 157/10 – DIARCO BUILDING, S.L. presenta proxecto de acondicionamento de local destinado a oficina administrativa, no barrio do Calvar, 26 baixo, Domaio, redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. José Sebastian Souto Codina, visado o 09.09.2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 1 de decembro de 2010, que literalmente di:

EXP. OBRAS:157/10

EXP. APERTURA:32/10

ASUNTO: LICENZA DE OBRAS E ACTIVIDADE PARA OFICINA ADMINISTRATIVA.

INFORME: **Procede licenza de obras e actividade destinada a oficina administrativa** de acordo co proxecto técnico.

O apartado 3 do artigo 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais –Decreto de 17 de xuño de 1955- especifica que con arranxo ao proxecto presentado, a edificación dun inmovible se

destinará a establecemento de características determinadas, non se outorgará a licenza de obras sen o outorgamento da licenza de apertura se fose procedente.

Abondando na cuestión, o apartado 2 do Artigo 196 da lei 9/2002, reformada pola lei 15/2004 de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia nos afirma que nos supostos que esixan licenza de actividade ou apertura e, ademais, licenza urbanística, serán obxecto dunha soa resolución, sen prexuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas de cada intervención administrativa.

A ordenanza de usos das NN. SS de Planeamento municipal resulta compatible.

O local para ser susceptible de apertura e funcionamento deberá ser inspeccionado polos servizos municipais unha vez presentado o certificado fin de obra do facultativo director das mesmas.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	288,51 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico e do secretario municipal, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes existentes no mentado expediente, e tras o pagamento das taxas correspondentes, acorda:

PRIMEIRO: Outorgar licenza de actividade que solicita DIARCO BUILDING, S.L. para a actividade de OFICINA ADMINISTRATIVA.

SEGUNDO: Outorgar a licenza urbanística para as obras de ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA OFICINA ADMINISTRATIVA. A licenza urbanística determina o devengo do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e en consecuencia, apróbase a liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, de conformidade co orzamento incluído no proxecto presentado, polas cantidades arriba referidas.

TERCERO.- Non poderá comezarse a exercer a actividade mencionada en tanto non se conceda a LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA E POSTA EN FUNCIONAMENTO que deberá solicitar o interesado, declarando a execución das obras de conformidade cos termos desta Licenza, acompañando á petición, certificado do técnico director das obras ou instalacións en que se especifique a súa conformidade cos termos desta licenza, sen prexuízo de que todo o anterior sexa corroborado polo arquitecto técnico municipal a cuxo efecto levantará Acta de Comprobación.

5.- OBRAS MENORES: DENEGACIÓN DE LICENZA

- **EXPT. 36/08 – CÁNDIDO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ** presenta proxecto básico e de execución para a construción de muro de contención de terras, para legalización do expediente 06/08 de reposición da legalidade urbanística, no barrio de Palmás, 36, Domaio, redactado polo arquitecto técnico D. Iván Martínez Ferreira, visado na data 07.02.2008.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 30 de novembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DUN MURO DE CONTENCIÓN DE TERRAS PARA A SÚA LEGALIZACIÓN.

INFORME: Non procede licenza.

Require informes sectoriais

No expediente consta unha resolución denegatoria do Servizo de urbanismo, Departamento Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas: resolución de 16 de novembro de 2010 sobre solicitude de autorización de obras na zona da servidume de protección do dominio público marítimo terrestre. Denégase autorización da Comunidade Autónoma nesta zona, segundo se preve no artigo 26 da L.Costas, para obras de reconstrución de muro de contención nunha parcela inscrita no Rexistro da Propiedade de Cangas co número 5.669 no tomo 857, folio 61, sita en Palmás, Domaio.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	82,71 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a licenza solicitada polos motivos recollidos no informe do aparellador municipal.

6.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

D. Esteban García Alfaro, por escrito do 19 de novembro de 2010, expón que en escritura pública de data 4 de setembro de 2006 realizou a cesión, a favor do Concello, de 51,35 m2 de terreo segundo “acta de sinalamento de aliñación, cesións e fianza” do expte. obra 135/2006, e que para a inscrición rexistral requiríronlle no Rexistro da Propiedade a admisión da cesión polo Concello, o que solicita. Achega copia simple da escritura notarial referida.

Visto o informe do arquitecto técnico do Concello de Moaña do 3 de decembro de 2010, que di:

Antecedentes

- A Xunta de Goberno local do Concello de Moaña, en sesión celebrada o día 11 de Setembro de 2006, entre outros adopta o seguinte acordo: Concesión de Licenza de Obra ó expediente 135/06, formado por un proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar, a ubicar en Calvar s/n, Domaio, de conformidade co proxecto presentado, redactado polos arquitectos D. Rafael Oliveira Souto e D. Juan A. Fernández Martínez e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 26 de xuño de 2006.
- A Xunta de Goberno Local concede Licenza de Primeira Ocupación en sesión celebrada o 12 de febreiro de 2010.

Conclusión:

Segundo art. 19-A da lei 9-2002 do 30 de Decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural, cédense o terreo de 51,35 m2 gratuitamente ao municipio destinado a vial fóra das

aliñacións establecidas no planeamento. Cédese obrigatoriamente a instancias do Concello en virtude da magnitude definida na Acta de Replanteo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aceptar a cesión de 51,35 m2 segundo se recolle no informe do arquitecto técnico municipal.

7.- EXECUCIÓN DE SENTENZA PROCEDIMENTO 4530/1999

Vista a providencia do 30 de setembro de 2010 da sala do Contencioso-Administrativo sección 2, do TSXG, que tivo entrada no Concello de Moaña o día 15 de novembro de 2010, dictada no procedemento ordinario 4530/1999 no que o recorrente é o Banco Pastor, S.A., e na que se require a este Concello para que pague a cantidade de 1.858,05 euros en concepto de xuros xerados, baixo o apercibimento de imposición de multa coercitiva,

Vista a existencia de crédito suficiente e adecuado nas partidas do orzamento prorrogado do Concello de Moaña para o ano 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda proceder á súa execución e, daquela, recoñecerlle a obriga por importe de 1.858,05 euros ao Banco Pastor en concepto de intereses da execución da sentenza do procedemento ordinario 4530/1999, con cargo a partida 2410 35200 – RC 1587, para o seu posterior pagamento.

8.- SOLICITUDE DE COMPENSACIÓN DE DEBÉDAS DE UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.

D. Fernando Val López, en representación da empresa UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., solicita a compensación da débeda en concepto da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local dos meses de xuño, setembro, outubro, novembro e decembro de 2008, e xaneiro a decembro de 2009 por importe de 87.458,41 euros, co crédito recoñecido ao seu favor pola facturación de enerxía eléctrica 2009, por importe de 172.847,91 euros.

Visto o informe da tesourería do 3 de decembro de 2010, que di:

ANTECEDENTES.

Obra nesta Tesourería a instancia referenciada na que se solicita á compensación de créditos e débedas correspondentes á facturación e á taxa por utilización privativa de dominio público local dos meses de xuño a decembro de 2008 e do exercicio 2009.

INFORME

Consonte ó disposto no artigo 72 da LXT, os interesados poderán solicitar a compensación de débedas e créditos:

"1. El obligado tributario podrá solicitar la compensación de las deudas tributarias que se encuentren tanto en período voluntario de pago como en período ejecutivo.

2. La presentación de una solicitud de compensación en período voluntario impedirá el inicio del período ejecutivo de la deuda concurrente con el crédito ofrecido, pero no el devengo del interés de demora que pueda proceder, en su caso, hasta la fecha de reconocimiento del crédito.

3. La extinción de la deuda tributaria se producirá en el momento de la presentación de la solicitud o cuando se cumplan los requisitos exigidos para las deudas y los créditos, si este momento fuera posterior a dicha presentación. El acuerdo de compensación declarará dicha extinción."

Pola súa banda o artigo 56 do RXR establece o seguinte :

1."El obligado al pago que inste la compensación deberá dirigir al órgano competente para su tramitación la correspondiente solicitud, que contendrá los siguientes datos:

Nombre y apellidos o razón social o denominación completa, número de identificación fiscal y domicilio fiscal del obligado al pago y, en su caso, de la persona que lo represente.

Identificación de la deuda cuya compensación se solicita, indicando al menos, su importe, concepto y fecha de vencimiento del plazo de ingreso en período voluntario.

Identificación del crédito reconocido por la Hacienda pública a favor del solicitante cuya compensación se ofrece, indicando al menos su importe, concepto y órgano gestor.

Lugar, fecha y firma del solicitante.

2.A la solicitud de compensación se acompañarán los siguientes documentos:

Si la deuda tributaria cuya compensación se solicita ha sido determinada mediante autoliquidación, el modelo oficial de esta debidamente cumplimentado, salvo que el interesado no esté obligado a presentarlo por obrar ya en poder de la Administración; en tal caso, señalará el día y procedimiento en que lo presentó.

Justificación de haber solicitado certificado de la oficina de contabilidad del órgano u organismo gestor del gasto o del pago, en el que se refleje la existencia del crédito reconocido pendiente de pago, la fecha de su reconocimiento y la suspensión, a instancia del interesado, de los trámites para su abono en tanto no se comunique la resolución del procedimiento de compensación.

El Ministerio de Economía y Hacienda podrá dictar las disposiciones oportunas para normalizar las mencionadas certificaciones administrativas.

Si el crédito ofrecido en compensación deriva de una devolución tributaria, en lugar de la certificación anterior se acompañará, en su caso, copia del acto, resolución o sentencia que lo reconozca.

3. Si la solicitud no reúne los requisitos o no se acompañan los documentos que se señalan en este artículo, el órgano competente para la tramitación del procedimiento requerirá al solicitante para que en el plazo de 10 días contados a partir del día siguiente al de la notificación del requerimiento subsane el defecto o aporte los documentos preceptivos, con indicación de que, si así no lo hiciera, se tendrá por no presentada la solicitud y se archivará sin más trámite.

Cómpre salientar en primeiro termo que **a solicitude non reúne os requisitos recollidos no parágrafo 2 do artigo 56 polo que deberá requirirse ó interesado para que subsane as deficiencias nos termos expostos.**

Sen prexuízo do anteriormente exposto,consultados os antecedentes reflectidos na contabilidade municipal,figuran as seguintes obrigas e dereitos recoñecidos susceptibles de compensación.

Dereitos recoñecidos núm.2008-530-0/2009-51,94,219,473,478,546/2010-164,504 e 539(taxa por utilización privativa do dominio público local correspondente ós meses de xuño a decembro de 2008 e ó exercicio 2009;interesado UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN ,CIF A82153834).Importe total:87.458,41 euros.En relación ó DR 2010-164,cómpre salientar que a compensación deberá ser por importe de 7.121,01 euros,posto que o importe restante(8.671,28 euros),correspóndese coa taxa correspondente ós meses de xaneiro e febreiro de 2010

Obrigas recoñecidas 2009-492,527 e 876(correspondentes á facturación de consumo de enerxía eléctrica de xaneiro a marzo de 2009;interesado UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN ,CIF A82153834),por importe total de 172.847,91 euros.As obrigas correspondentes ós ADO 492(54.426,99 euros) e 527(12.207,74 euros),compensaránse na súa totalidade,e as do ADO 876-2009,compensaranse parcialmente,por importe de 20.823,68,incluindo as seguintes facturas,

NÚM.FACT	IMPORTE
31173978	31,45
31164357	396,59
31189034	327,14
31174097	643,03
31173966	372,18
31167302	749,06
31164584	483,45
31167407	229,48
31164014	441,15
31163797	430,27
33015739	739,67
31164923	80,98
31174785	470,66
31165140	755,03
31148071	379,63
33016102	431,72
31162728	402,18
31186166	547,28
31185278	517,98
31185540	559,11
31162896	50,63
31162525	243,89
31147987	473,55
31148193	430,02
31162420	393,62
31174011	392,57
31185232	782,04
31164924	326,96
31174571	73,27
31190958	623,80
33015740	320,38
31163862	130,21
31191257	158,21

31191492	23,80
31191844	383,66
31192015	296,71
33014946	142,27
31158313	274,82
33014947	242,06
31164239	447,42
33015770	429,60
33015771	493,88
31174970	82,75
31148390	272,79
31158265	312,81
31158214	250,27
31167243	205,31
31164088	11,54
31189170	176,66
31163785	60,73
31173776	555,91
31190830	1.743,06
31191061	1.095,33 (compensación parcial por 1.030,44)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

PRIMEIRO: aprobar a compensación dos dereitos liquidados en concepto de taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local do período que recolle o informe da tesourería coas obrigas recoñecidas por este Concello a favor de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. tamén indicadas en dito informe.

SEGUNDO: Requirirrlle a empresa para que acompañe os documentos que sinala a tesoureira no seu informe.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á empresa, á Intervención e á Tesourería municipal.

9.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DO IMPORTE DO IVTM

D. Miguel Ángel Malvido Ríos, por escrito do 15 de novembro de 2010, solicita a devolución da alta dun IVTM pagado a principios de xaneiro de 2010 porque a matriculación non se realizou. Indica o nº de bastidor do vehículo ao que correspondía a matriculación e o número de conta para a devolución.

Visto o informe da tesoureira municipal do 3 de decembro de 2010, que di

Presentada a reclamación referenciada na Tesourería Municipal, trasládase ao Departamento de Policía Local, a efectos de comprobar a falta de inscrición do vehículo, extremo que se acredita no informe emitido o 22 de novembro polo xefe da Policía local

INFORME

De acordo co disposto tanto no artigo 96.3 do TRLRFL como no artigo 5.3 da Ordenanza reguladora do IVTM do Concello de Moaña (aprobada en sesión plenaria celebrada o 19 de xaneiro

de 2006), nos supostos de alta ou baixa dun vehículo procederase ao prorrateo da cota correspondente por trimestres.

A solicitude de alta do interesado preséntase en xaneiro de 2010, polo que se lle liquida a totalidade da cuota anual. Dado que queda acreditado no expediente que a 22 de novembro non se tiña producido a inscrición, procederá a devolución da cota correspondente aos tres primeiros trimestres, pero non da totalidade, posto que aínda podería matricularse o vehículo antes de que remate o ano natural correspondente á solicitude de alta

Dado o anteriormente exposto, **infórmase favorablemente a devolución da parte de cota anual correspondente aos tres primeiros trimestres, por importe de 87,37 euros (116,49/4*3)**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución a D. Miguel Ángel Malvido Rios da parte da cota anual correspondente aos tres primeiros trimestres de 2010 do IVTM, por importe de 87,37 euros, polos motivos recollidos no informe da tesoureira municipal.

10.- APERTURA NOVO PERÍODO DE COBRO CURSO DE PINTURA 2010-2011.

Por acordo da Xunta de Goberno do 23 de agosto de 2010 aprobouse a programación do curso e o período de preinscrición do Curso de Pintura 2010-2011.

En Xunta de Goberno de 25 de outubro acordouse aprobar a relación definitiva das persoas inscritas no curso de Pintura 2010-2011, as cales debían realizar o pagamento do importe polo primeiro trimestre, do 26 de outubro ao 9 de novembro de 2010,

Visto o escrito do Concelleiro Delegado de Cultura e Ensino, no que se expón que o prazo de pagamento ven de rematarse sen que unha porcentaxe alta de alumnado puidese efectuar o pago por diferentes razóns, polo que solicita a apertura dun segundo período de cobro de 15 días naturais para que o alumnado do curso de pintura 2010-2011 poidan abonar o custo do 1º trimestre do curso.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda abrir un segundo período de cobro no curso de Pintura 2010-2011, durante o cal os alumnos que aínda non o fixesen deberán realizar o pagamento do importe polo primeiro trimestre, período comprendido entre os días **14 ao 29 de decembro de 2010**, e trasladarlle o acordo á Recadación para a formalización da matrícula.

11.- SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS

Dª Patricia Lores Rivera, por escrito do 20 de outubro de 2010, expón que é traballadora do Concello dende o 06.03.97 como asesora xurídica dos Servizos Sociais e dende o 01.09.04 como avogada-directora do CIM. Con base no artigo 15.6 do Estatuto dos traballadores, no artigo 23 da Lei 7/2007, no artigo 18 do convenio colectivo do persoal laboral do Concello, e na sentenza do TS do 17.03.2004, solicita o recoñecemento e retribución dos trienios que lle corresponden segundo a súa antigüidade e categoría

profesional dende o 28.02.07 –data que se corresponde co primeiro trienio- e que o segundo se devenga a partir do 28.02.2010. Achega vida laboral, documentación, e táboa que recolle o cálculo efectuado.

Visto o informe favorable ao recoñecemento de antigüidade emitido polo secretario municipal o día 1 de decembro de 2010, no que indica que *procede recoñecer a efectos de trienios e antigüidade dous trienios. Tendo en conta os periodos reflexados na vida laboral da traballadora, os contratos de traballo aportados e os periodos desempeñados a tempo parcial, a data de consolidación do segundo trienio sería 242 días antes da data de expedición do certificado de vida laboral, o 23 de novembro de 2010. Para determinar o valor do trienio haberá de estar ao cadro de niveis actualizado previsto no Convenio Colectivo de persoal laboral.*

O valor do trienio para tódolos niveis é o que figura no cadro anexo do convenio, incrementado no tanto por cento acordado no presente convenio. Conclúe o informe: debe incluírse para o cómputo da antigüidade do traballador reclamante os periodos contractuais nos que prestou servizos no Concello con carácter temporal, tendo na actualidade dereito a que se lle inclúan na nómina dous trienios, e un sobrante a incluír no próximo trienio de 242 días na data de expedición do certificado, 23 de novembro de 2010.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda recoñecerlle a antigüidade solicitada á traballadora D.^a Patricia Lores Rivera nos termos recollidos no informe do secretario municipal.

12.- POLICÍA LOCAL: SOLICITUDE DE ASISTENCIA A CURSO

Javier Cruz Pena, policía local do Concello, por escrito do 4 de decembro de 2010 e ao abeiro do establecido no acordo marco regulador, solicita autorización para a asistencia a un curso [*iniciación ao bastón extensible*] o vindeiro 17 de decembro, impartido pola AGASP. Achega copia da solicitude e solicita o pagamento do desprazamento e media dieta ao ser o curso de mañá e tarde. A solicitude ten o visto e prace do xefe da Policía local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizarlle a asistencia ao curso solicitado, e recoñecerlle os dereitos de quilometraxe polo desprazamento en vehículo propio e por media axuda de custo.

13.- POSTA A DISPOSICIÓN DE TERREOS DA OBRA PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DO PEDROSO

Pola Consellería de Medio Rural se remite escrito no que se comunica ao Concello o compromiso para a execución con cargo aos orzamentos da Xunta da obra de Pavimentación do camiño do Pedroso a incluír no PEIM 2010.

No mesmo escrito se da conta da necesidade por parte do Concello de poñer a disposición da Consellería de Medio Rural dos terreos necesarios para a execución das obras, libres de cargas e gravames.

Á vista da titularidade municipal do camiño sobre o que se pretende a execución das cobras.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda poñer a disposición da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, libres de cargas e gravames, os terreos necesarios para a execución das obras de Pavimentación do camiño do Pedroso.

14.- TRÁFICO

14.A) D. José Luis Martínez González, por instancia do 29 de novembro de 2010, solicita a instalación dun espello que mellore a visibilidade dende Masandía 193.

Visto o informe do oficial da Policía 429003 que indica que se trata dun vial particular, polo que para mellorar a visibilidade no cruce sería conveniente que se lle autorizase a colocación dun espello convexo, a conta do solicitante por tratarse dun camiño privado.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a colocación do espello a conta do solicitante.

14.B) VADO

D. José González Estévez, por escrito do 21.10.10, solicita a un vado permanente para un garaxe na dirección rúa Fragata Almansa, nº 5. Presenta o recibo de pago das taxas, o día 15.11.10, por un importe de 33 euros (3 € entrada de vehículos, 15 € pasaxe permanente, 15 € do sinal –1,5 meses)..

Visto o informe favorable do xefe da Policía local do 27 de outubro que indica que se trata dun local de uso particular, no que a porta de entrada ten 3 m de ancho e conta con rebaixe de beirarrúa,

O inspector de obras informa o 3 de novembro que o garaxe está en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D. José González Estévez na rúa Fragata Almansa, 5, cunha entrada de 3 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 33 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.e ao ORAL.

15.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas €	Informe favorable
JUAN JOSÉ RIOBÓ ROUCO	Saneamento uso doméstico	Xunqueira, 61 porta 1 – 2º D	Taxas saneamento..... 180 €	
ALFONSO FERNÁNDEZ VILA	Auga, uso doméstico	Concepción Arenal, 72	Taxas 60 € Fianza..... 20 €	Aqualia
MARÍA ALMUDENA LÓPEZ BOUBETA	Saneamento uso doméstico	Moureira, 227	Taxas saneamento 180 €	Aqualia Arquitecto técnico

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:05 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.